



Código do documento	Código do expediente
UPO16I0011	UPO/2021/59
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0A2Z 2833 1W57 3D2M 0RXK	

ARF

Lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a provisión polo sistema de concurso ordinario, de postos de traballo de Técnica/o de administración reservados a funcionarios da escala de administración especial, subescala técnica do Concello de Culleredo (Código dos postos IT.1.1.03 e IT.1.1.04).

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal do 13 de xaneiro de 2022, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a provisión de postos de traballo de Técnica/o de administración reservados a funcionarios da escala de administración especial, subescala técnica do Concello de Culleredo (código dos postos IT.1.1.03 e IT.1.1.04), de acordo co seguinte detalle:

ADMITIDAS:

Número de orde	Apelidos e nome	DNI
1	López Andrade, Mónica	***9076**
2	Pedreira González, María Luz	***7595**

EXCLUÍDAS: Ningunha.

Segundo.- Convocar os/as membros da comisión de valoración na data, hora e lugar que se indican:

Data: 24 de xaneiro do 2022

Hora: 10 horas

Lugar: Casa do Concello

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.



Código do documento	Código do expediente
UPO16I0011	UPO/2021/59
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
0A2Z 2833 1W57 3D2M 0RXX	

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos do disposto no punto 4 das bases específicas de esta convocatoria.

Culleredo, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada

C.I.F. P-1503100-H

FIGUEROA
FUENTES, MARTA
MARIA
Concelleira
delegada de
seguridade cidadá e
persoal
17/01/2022 13:22